

DASA DevOps Fundamentals

Descrición

A Certificación DevOps Fundamentals está deseñada para proporcionar a educación básica necesaria para desenvolver o seu vocabulario DevOps e comprender os seus principios e prácticas. Coa axuda de conceptos e terminoloxía crave de DevOps, casos de estudos da vida real,

exemplos e exercicios extensos en cada módulo, o alumnado adquirirá unha comprensión fundamental de DevOps.

Ao finalizar o curso, as persoas que superen o curso realizarán o exame de certificación oficial para a consecución da certificación DevOps Fundamentals. Considerarase superado o curso cando o grao de asistencia e aproveitamento do alumnado ao curso sexa superior ao esixido polo CNTG.

O alumnado obterá a Certificación DevOps Fundamentals de DASA ao pasar o exame correspondente. Esta certificación recoñece #ante empresas e organismos internacionais aos profesionais que controlan os fundamentos desta metodoloxía de traballo. Unha vez finalizado o curso e superado o exame de certificación o alumno obterá un diploma acreditativo de recibir a formación, emitido por EIGP como Training Partners de DASA. O documento certificará que recibiron a formación oficial preparatoria.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, o alumnado será capaz de:

- Comprender a filosofía DevOps e o seu impacto na cultura organizacional.
- Identificar os principios crave de colaboración, automatización, medición e mellora continua.
- Recoñecer os roles e responsabilidades dentro dunha contorna DevOps.
- Aplicar boas prácticas para fomentar a integración entre desenvolvemento e operacións.
- Valorar a importancia do cambio cultural cara á entrega continua e a aprendizaxe constante.
- Prepararse para superar con éxito o exame oficial de certificación DASA DevOps Fundamentals.

Dirixido a

- Persoas en transición de roles tradicionais de operacións ou desenvolvemento cara a perfís máis integradores.
- Persoas interesadas en aprender como funciona a tecnoloxía detrás das aplicacións modernas, a automatización e a mellora de procesos.
- Estudantes de últimos anos de Enxeñería Informática, Sistemas, Telecomunicacións ou outras carreiras afíns.
- Profesionais de TI, desenvolvedores/as de software, administradores/as de sistemas ou técnicos/as que desexen ampliar o seu coñecemento cara á cultura e ferramentas DevOps.

BENEFICIOS

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Diploma de asistencia

Perfil do docente

Profesional de ampla traxectoria no sector das tecnoloxías da información, con 29 anos de experiencia desempeñando cargos como enxeñeiro de software e sistemas e director de TI. Durante máis dunha década, centrou a súa actividade profesional na consultoría e na formación especializada en xestión, goberno e transformación de TI.

Conta cunha dilatada experiencia como consultor e instrutor certificado, tendo formado milleiros de profesionais para a obtención de certificacións oficiais e o dominio de marcos de traballo recoñecidos internacionalmente, como DASA DevOps, ITIL®, PRINCE2® e TOGAF®.

A súa traxectoria combina unha sólida base técnica e de xestión cunha ampla experiencia docente, o que lle permite ofrecer unha perspectiva práctica e orientada á aplicación real de DevOps e das mellores prácticas de xestión de TI en ámbitos profesionais.

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO CURSO

MATRÍCULA Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN 01/12/2026 - 15/12/2026

PROBA DE SELECCIÓN 16/12/2026 (00:00)



CRITERIOS DE SELECCIÓN	Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela
Nº PRAZAS	20 (Mínimo 10)
METODOLOXÍA	Presencial
TIPO DE EDICIÓN	Edición única (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	20 horas
DATA INICIO	25/01/2027
DATA FIN	29/01/2027
HORARIO	De luns a venres de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	DASA DevOps Fundamentals
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	DASA
PERIODO DOCENCIA	25/01/2027 - 29/01/2027

Temario

1. Introducción

Concepto e orixe de DevOps. Contexto histórico e evolución desde os enfoques tradicionais de desenvolvemento e operacións. Beneficios e obxectivos do modelo DevOps.

2. Agile

Relación entre Agile, Lean e DevOps. Principios e valores áxiles aplicados ao ciclo de vida do software. Como DevOps amplía e complementa as metodoloxías áxiles.

3. Marco DevOps

Visión xeral do marco DASA DevOps. Compoñentes esenciais: Cultura, Organización, Procesos e Automatización (CAMS). O ciclo de entrega continua e a integración de equipos.

4. Cultura

Cambio cultural e mentalidade colaborativa. Fomento da comunicación, a confianza e a responsabilidade compartida. Superación de silos e resistencia ao cambio.

5. Organización

Roles, responsabilidades e estrutura de equipos DevOps. Traballo multifuncional, liderado distribuído e empoderamento do persoal.

6. Procesos

Xestión do ciclo de vida do servizo. Integración continua (CI), entrega continua (CD) e despregamento continuo. Fluxo de valor, retroalimentación e mellora do proceso.

7. Automatización

Automatización da infraestrutura, despregamento e probas. Ferramentas e prácticas clave (CI/CD, IaC, monitorización e orquestración). Beneficios e desafíos da automatización.

8. Medición e mellora

Definición e seguimento de métricas e KPIs. Avaliación do rendemento e aprendizaxe continuo. Implementación dunha cultura de mellora constante.

9. DevOps para individuos

Competencias profesionais e habilidades necesarias en contornas DevOps. Desenvolvemento persoal, colaboración e liderado áxil.

10. DevOps para organizacións

Adopción do modelo DevOps a nivel empresarial. Estratexias de implementación, madurez organizacional e xestión do cambio. Casos de éxito e mellores prácticas.



11. Xerais

Sínteses dos conceptos fundamentais de DevOps. Revisión final e preparación para o exame oficial DASA

DevOps Fundamentals.